

Resposta preguntas de bioloxía do modelo de exame

4) • Parede celular: cuberta ríxida que dá forma e protección á célula vexetal, envolvendo a membrana celular.

Está formada fundamentalmente por celulosa.

- Cloroplastos: orgánulos de dobre membrana nos que se realiza a fotosíntese
- Vacúolos: sacos de gran tamaño que almacenan diferentes tipos de substancias.

7) - Preservativo: fina funda de goma dun só uso, xeralmente lubrificada, que impide que os espermatozoides penetren na vaxina.

- Diafragma: cuberta de goma flexible cun anel elástico. Adáptase ao colo do útero e impide o paso dos espermatozoides. O seu uso debe ser prescrito por un xinecólogo.

- Dispositivo intrauterino (DIU): pequeno dispositivo que coloca o xinecólogo na cavidade uterina.

Dificulta o paso dos espermatozoides ás trompas de Falopio e impide que aniñe o óvulo no útero.

10) • Procesos xeolóxicos internos: teñen a súa orixe na enerxía térmica do interior terrestre.

Desencadean a actividade sísmica, volcánica e tectónica. Son procesos construtivos que se manifestan na elevación e pregamento dos materiais da codia. Este proceso denomínase, de modo xeral, oroxénese.

- Procesos xeolóxicos externos: débense á interacción da superficie terrestre e as rochas coa acción modeladora da atmosfera e da hidrosfera (combinadas coa acción da enerxía solar e gravidade).

Desta forma o relevo sofre un proceso destrutivo que, xunto cos seres vivos, modela e forma o relevo resultante, que é a paisaxe.